

FISIOTERAPIA XERAL 2

Pablo Campo Prieto, Gustavo Rodríguez Fuentes (coordinador) e docente de lista de agarda.

Curso 2024-25

Algunhas consideracións xerais:

- O traballo da materia terá dúas partes: un **protocolo de aplicación** e unha **infografía**.
- A realización do traballo é **obligatoria** para superar a materia.
- O traballo será de realización **individual**. No caso do protocolo de aplicación, o traballo, aínda que individual, varias persoas traballarán sobre o mesmo caso clínico. Estes casos clínicos sobre os que se traballará comunicaranse cando xa se estea a rematar a parte teórica da materia.
- Tal e como consta na *Guía docente* da materia, o traballo da materia terá un valor máximo sobre a nota final de **1'5 puntos** (no caso de avaliación continua) **ou de 1 punto** (no caso de avaliación global).
- O **28 de xaneiro**, na presentación da materia, daranse as indicacións fundamentais sobre o mesmo e aclararanse as dúbidas (xunto cos documentos explicativos).
- **Antes das 14:00 horas do 30 de abril de 2025** entregarse a infografía (no caso de avaliación continua). A partir desa data e hora, non se recollerá esta parte do traballo e constará como non presentado, non podendo aprobar a materia na convocatoria de maio-xuño.
- **Antes das 14:00 horas do 7 de maio de 2025** entregarse o protocolo elaborado (no caso de avaliación continua). A partir desa data e hora, non se recollerá esta parte do traballo e constará como non presentado, non podendo aprobar a materia na convocatoria de maio-xuño.
- **Antes das 14:00 horas do 14 de maio de 2025** procederase á entrega das valoracións dos protocolos dos/as compañeiros/as de grupo de traballo (no caso de avaliación continua).
- Os distintos compoñentes do traballo subiranse a MooVi ao apartado propio que cada un deles terá na plataforma de teledocencia. O arquivo a subir terá que nomearse co caso clínico que é ou "infografía" sen til máis o nome de quen o entrega (por exemplo, *lumbalxia_noelia_alonso* ou *infografia_noelia_alonso*).

No caso daqueles/as estudantes que sigan a avaliación global e non a continua, terán que entregar tanto a infografía como o protocolo de aplicación desenvolto **antes das 14:00 horas do 7 de maio de 2025**. A partir desa data e hora, non se recollerá esta parte do traballo e constará como non presentado, non podendo aprobar a materia na convocatoria de maio-xuño. Ámbolos dous compoñentes do traballo terán un apartado propio en MooVi, o cal será distinto daqueles/as estudantes que sigan a avaliación continua.

De cara a valoración do traballo, véxanse os documentos respectivos.